

DOMINGO 7 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA 1 Sam 26, 2. 7-9. 12-13. 22-23

O Señor entregoute nas miñas mans, pero eu non quixen aproveitarme

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO PRIMEIRO DE SAMUEL

Daquela, Xaúl baixou, ao momento, ao deserto de Zif con tres mil homes escolleitos de Israel para buscar alí a David.

David e Abixai chegaron de noite ao campamento e viron que Xaúl estaba deitado, durmindo, no cercado, coa lanza cravada no chan, á súa cabeceira. Abner e o exército estaban deitados ao redor.

Abixai díxolle a David: - "Hoxe púxoche Deus o teu inimigo nas túas mans. Agora déixame que o crave dun golpe de lanza contra o chan. Non cumprirá repetilo". David respondeulle a Abixai: - "Non quero que o mates. Quen poñería a man impunemente sobre o unxido do Señor?"

David colleu a lanza e a xerra da auga de onda a cabeceira de Xaúl e fóronse sen que ninguén os vise, nin se decatase, nin espertase. Estaban todos durmidos, coma se un sono do Señor caese riba deles.

David pasou para a outra banda e detívose no cume do monte deixando un longo treito entremedias.

David gritoulle á tropa: - "Aquí está a lanza do rei. Que veña un recollela. Que o Señor lle teña en conta a cada un a súa xustiza e a súa lealdade. Hoxe púxote El nas miñas mans; pero eu non ousei erguelas contra o unxido do Señor.

SALMO RESP. Sal 102, 1-2. 3-4. 8 e 10. 12-13.

R/ (8a): O Señor é misericordioso e clemente

Alma miña, bendice ao Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
Alma miña, bendice ao Señor,
non esquezas os seus beneficios.

El perdoa as túas culpas
e sanda as túas doenzas;
rescata a túa vida da morte
e coróate de amor e de tenrura;

O Señor é misericordioso e clemente,
tardo á ira e rico en mercedes.
Non nos trata conforme aos nosos erros
nin nos paga conforme ás nosas culpas.

canto dista o nacente do poñente,
así arreda de nós as nosas culpas;
canto un pai ama aos seus fillos,
así ama o Señor aos que o temen.

SEGUNDA 1 Cor 15, 45-49

O mesmo que levamos a imaxe do home terrestre, tamén levaremos a imaxe do celeste.

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

O primeiro home, Adam, fixérono un ser vivo; o último Adam, un espírito que dá vida. Pero non foi primeiro o espiritual, senón o natural, e despois o espiritual. O primeiro home, saído da terra, era terrestre; o segundo home veu do ceo. Como era o terrestre, así son os terrestres; e como é o celeste, así son os celestes. E o mesmo que antes levamos a imaxe do terrestre, tamén levaremos a imaxe do celeste.

ALELUIA Xn 13, 34

Douvos un mandamento novo, di o Señor,
que vos amedes uns a outros como eu vos ameí

DOMINGO 7 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 6, 27-38

Sede misericordiosos, como voso Pai é misericordioso

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

A vós, que me escoitades, dígovos: Amade os vossos inimigos, facédelles ben aos que vos odian, bendicide aos que vos maldín e rogade polos que vos calumnian; ao que che zoupe nunha meixela, preséntalle a outra; e ao que che leve o manto, non lle privas de levar tamén a túnica. O que che pida, dálle; e ao que che leve o teu, non lle reclames nada. Así que tratade á xente tal como queredes que vos traten a vós.

Se amades aos que vos aman, que facedes de máis? Os pecadores tamén aman a quen os aman a eles. E se lles facedes ben aos que vos fan ben, que mérito tedes? Os pecadores fan outro tanto. E, se non emprestades máis que cando esperades cobrar, ¡poucas grazas!. Os pecadores tamén se emprestan entre eles para cobraren despois outro tanto. Vosoutros non; vós amade os vossos inimigos, facede o ben e emprestade sen esperades nada a cambio. E así teredes unha gran recompensa e sereis fillos do Altísimo, pois El é bo cos malos e desagradecidos. Sede compasivos coma o voso Pai é compasivo.

Non xulguedes, e non vos xulgarán; non condenades, e non vos condenarán; perdoade, e hanvos perdoar. Dade, e darásevos a vós: unha boa medida -acugulada, rebordada, apretada- seravos botada no voso regazo; pois coa medida que midades hanvos medir a vós.